Nº 4- Tempada 17/18

EXEMPLAR GRATUITO

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE
CANDELAS

FOGAR DO BREOGÁN

En pé dende 1966






ENTREVISTA

O ex breoganista Álex Llorca non esquece a Muralla de

ASISTENCIA

A xogada perfecta para o capitán celeste nun test rápido



DEPORTE GALEGO · GALICIA SAUDABLE · Concello de Lugo · HYUNDAI · CAIXA RURAL GALEGA · polusa · Estrella Galicia · CANDELAS · hummel

O rival



7 ROMA BAS MARI
Aleiro
18/04/1983 Alicante
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 193 cm



8 JOAN FANER CATALA
Base
17/11/1990 Ciutadella de Menorca (Illes Balears)
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 174 cm



14 JOSE MARIA GARCIA FLORES
Escolta
27/04/1987
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 191 cm



44 JUAN JOSE GARCIA RODRIGUEZ
Ala pívot
22/04/1989
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 201 cm



12 EDUARD GATELL SANZ
Pívot
17/03/1989 Terrassa (Barcelona)
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 203 cm



17 CHARLES NKALOULOU MILANDOU
Ala pívot
17/04/1994
Nacionalidade REP. DEM DEL CONGO
Altura: 200 cm




21 ALFREDO JOSEPH OTT
Escolta
27/01/1983
Nacionalidade ESTADOS UNIDOS
Altura: 188 cm



4 KYLE CHRISTIAN ROWLEY
Pívot
21/01/1990
Nacionalidade TRINIDAD Y TOBAGO
Altura: 212 cm



11 TAUTVYDAS SABONIS
Aleiro
01/05/1992
Nacionalidade LITUANIA
Altura: 203 cm



6 AEGIR STEINARSSON
Base
10/05/1991
Nacionalidade ISLANDIA
Altura: 185 cm



Adestrador
ANTONIO TEN LOPEZ DE LERMA
11/09/1980 Onca (Castellón)

Equipo que xoga a moitas posesións e moi rápidas, sen complexos á hora de lanzar a canastra nos primeiros segundos da posesión.


Moi perigosos polas opcións de entrar en racha anotadora e con xogadores de moita calidade.

Equipo con moitas opcións de buscar play off e temibles nunha posible eliminatoria ao mellor de 5.

Con Juanjo García aínda inédito por lesión, o Castelló conta con xogadores moi importantes na liga como o rapidísimo base Steinarsson, Sabonis, ou os experimentados Roma Bas ou Alfredo Ott, e o interior Edu Gatell que está a protagonizar un grande inicio de campaña. Un plantel con moitos recursos ofensivos que porá aproba a defensa celeste.

Charles Nkaloulou pasou polo Breo na campaña 2013/14 e está a asinar un bo comezo de liga.
Chema García xogou no Estudiantes Lugo (EBA) na campaña 07/08.





¿NECESITAS DINERO? LUGOJOYA
Joyero Tasador Colegiado Nº A0134
COMPRA - VENTA
VACIAMOS CASAS
COMPRAMOS: Todo tipo de Plata, Todo tipo de Oro, Diamantes, Sargadelos Antiguo, Alta Joyería, Antigüedades.
RELOJES DE ALTA GAMA: ROLEX, BREITLING, TAG-HEUER, CARTIER, OMEGA, HUBLOT, etc.
www.lugojoya.com
C/Progreso 19, 1º - Lugo • Telf.: 982 240 021 • Cita previa Despacho Privado •




Defensa Pazo!

O Cafés Candelas Breogán lidera unha clasificación que terá que defender en cada compromiso e co apoio da súa afección en cada xoga da. Moito por facer, pero os primeiros pasos son os soñados.

P	EQUIPO	PJ	PG	PP	PF	PC	PTS	RACHA
1	CAFES CANDELAS BREOGAN	6	6	0	523	443	12	6
2	ICL MANRESA	6	5	1	478	421	11	4
3	CB PRAT	6	5	1	440	395	11	3
4	UNION FINANCIERA BTO. OVIEDO	6	4	2	496	471	10	-1
5	CLUB MELILLA BALONCESTO	6	4	2	455	432	10	-2
6	LEVITEC HUESCA	6	3	3	415	397	9	3
7	ACTEL FORÇA LLEIDA	6	3	3	461	460	9	2
8	CARRAMIMBRE CBC VALLADOLID	6	3	3	443	451	9	2
9	SÁENZ HORECA ARABERRI	6	3	3	453	464	9	-2
10	SAMMIC HOSTELERIA	6	3	3	434	449	9	-2
11	CHOCOLATES TRAPA PALENCIA	6	2	4	434	449	8	2
12	LEYMA CORUÑA	6	2	4	424	442	8	-2
13	CACERES PATRIMONIO DE LA HUMAN	6	2	4	453	472	8	1
14	IBEROSTAR PALMA	6	2	4	455	480	8	-3
15	CB. CLAVIJO	6	2	4	446	481	8	-3
16	FC BARCELONA LASSA	6	2	4	457	493	8	-2
17	TAU CASTELLO	6	2	4	437	496	8	-1
18	RIO OURENSE TERMAL	6	1	5	488	496	7	1

MARIÑA

Rúa Armanya nº25- baixo - Lugo

@marinalugolatoja

THE EXTREME COLLECTION

TOUS

LIU·JO

Highly Preppy

10% DESCONTO ATA 30 do 11



ASISTENCIA DE SALVA ARCO

Un vicio: Os xogos do móbil

Unha virtude: A perseverancia

Un defecto: Procrastinar nos traballos da universidade

Un medo: O fracaso

Unha manía: Usar os mesmos calcetíns no día de partido

De neno era...: Moi traveso

Cando lle sacan unha foto pensa...: Sacarán o meu «lado bo?»

Detesta: As persoas falsas

A quén admira?: Aos meus pais

Non podería vivir sen...: O chocolate!

Mellor hora do día: A hora da sesta!

Unha comida: Buf! Carne ao caldeiro, empanada de zamburiñas, croquetas de polo da miña nai...

GRAVITTY
HUMANS IN MOTION
Escuela de Danza · Gimnasia y Espectáculos
C/ Ramiro Rueda 19 bajo 27003, Lugo // 982-80-94-80 // www.gravitty.es // info@Gravitty.es
-Tango -Salón y Latino -Gimnasia Ritmica y Deportiva
-Danza del Vientre -Danzas Urbanas -Pole Dance
¡¡¡ Y MUCHO MÁS !!!

¿Qué sabe cociñar?: Coa Termomix atrévome con todo!

Un recuncho de Lugo: Praza Maior, a Muralla, o paseo do Miño...

De non ser xogador sería...: Probablemente fisioterapeuta

Qué música che gusta?: De todo. Son quen de combinar un «Recuerdo» de Ismael Serrano, co «Flying Free» de Pont Aeri... aí deixo iso!

Primeira lembranza nisto do baloncesto: Véxome no garaxe da miña casa con sete aniños repetindo os exercicios da película «The Pistol; The Birth of a Legend».

A xogada perfecta é...: «Banda 3» rematada en tripla para gañar o partido que nos da...

Asistencia ou canastra?: Asistencia

O final perfecto: O final feliz!

Gustaríalle ser lembrado...: Como unha persoa honesta que traballou duro por alcanzar os seus soños.

Neste cuestionario bota en falta que lle preguntaramos...: Os meus plans para cando me retire.

Iso queda para a próxima asistencia!







Os imprescindibles de Salva:



Peli


O INDOMABLE WILL HUNTING(1997)

Matt Damon, Robin Williams nunha historia sobre a rebeldía dun xoven xenio

Libro

4 3 2 1

Última novela de Paul Auster (2017) que invita a reflexionar sobre a vida e o destino



O reto solidario do capitán, e 99 máis

Salva busca 99 deportistas que se sumen ao reto de acadar un tratamento para o síndrime MEF2C. Un reto que, coñecendo o empeño do capitán, so é cuestión de tempo que o supere





Salva Arco resume o proxecto nesta carta:

Pasados uns meses do último proxecto solidario sobre o síndrome MEF2C, e en vista do éxito que se obtivo, non podíamos quedar aí. O tratamento para nenos que padecen esta doenza rara segue en espera, pendente de poder recadar unha cantidade económica suficiente como para desenvolver tódalas vías posibles e ter unha base sólida, polo que decidimos seguir soñando con 100X100 co síndrome MEF2C.

Lugo e a súa xente demostraron unha solidariedade extraordinaria, e isto deunos ás para seguir crendo e non perder a ilusión nese tratamento. O proxecto 100x100 co síndrome MEF2C procura 100 deportistas, ou persoas relacionadas co deporte, que mediante unha adquisición solidaria de 100 pulseiras da asociación MEF2C, contribúan á recadación de 20.000€ que irán integramente destinados á investigación desta rara doenza, dirixida polo prestixioso Dr. Stuart Lipton nas instalacións de Scintillon Institute en San Diego, California.

O deporte sempre foi fiel reflexo da sociedade na que vivimos, e por elo, podemos sentirnos realmente orgullosos dos deportistas que nos representan. Son moitas as doenzas e actos solidarios que abandeiran, e estou seguro, que tanto Celia como os outros catro nenos que padecen o síndrome MEF2C en España, poderán seguir sorrindo coa ilusión de atopar un tratamento para a súa enfermidade.

Eu non os vou deixar sos. E agardo poder contar con outros 99 deportistas que tamén vexan este proxecto como un xeito de contribuír á sociedade, pero sobre todo, de dar esperanza a uns nenos a ás súas familias para afrontar un futuro mellor.

Hoxe Celia e a súa familia acompáñannos no Pazo. Benvidos!



E a Marea Celeste volveu á estrada

Pucela foi o destino onde se deron cita máis dun cento de breoganistas o pasado día 1. Xornada festiva que aproveitaron familias, grupos de amigos e mesmo seareiros residentes fora de Lugo que chegaban dende Madrid, Salamanca e outras localidades para vivir unha vez máis o que soe ser o sino breoganista lonxe do Pazo: a emoción do baloncesto levada ao extremo.

O emocionante partido, non exento de polémica, rematou cun trunfo celeste que certificaba o liderado en solitario do Cafés Candelas tras seis partidos disputados. Seis de seis. Un rexistro histórico para o Breo que, lonxe de significar logro algún, é so un primeiro paso do que pode ser unha tempada memorable.

Non cansamos de dar as grazas a tódolos que seguen ao Breo nos desprazamentos ou na distancia a través dos máis diversos soportes dixitais ou radiofónicos. Moitas veces cuestión de fe. Sempre, cuestión de sentimento.

Arume

Florería

Cos nosos!

Praza da Soidade 20, bajo

arumefloreria@gmail.com

Tel.: 982 20 32 32



«Lugo é a miña segunda casa»

Renovado no Montakit Fuenlabrada, Álex Llorca avanza nunha nova tempada en ACB

Por Alberte López Muñiz



Cómo foi a tempada pasada?

A verdade é que a tempada pasada comezou moi ben a nivel persoal, xa que estaba disputando minutos e xogando con confianza, pero o 11 de decembro, no que era o meu encontro 100 na Liga Endesa tiven a mala sorte de lesionarme do cruzado anterior do xeonllo dereito, polo que finalmente a tempada foi bastante dura a nivel persoal. Tiven que estar moitos meses sen facer o que máis me gusta: xogar ao baloncesto.

A mellor nova do ano foi a túa renovación?

Ao día seguinte da lesión chamoume o meu axente e comunicoume que o Montakit Fuenlabrada quería renovarme. Foi unha nova incrible, xa que solo pasara un día dende a lesión e estaba mentalmente afundido. Todo o que pensaba era negativo e isto fíxome abrir os ollos e tomarme a lesión e a recuperación coma un reto, pensando en estar perfecto para esta tempada. Con moito traballo, xa estou máis forte que nunca e tratando de devolver con traballo a confianza depositada en min.

Que significa Lugo para ti?

Lugo é como a miña segunda casa. Alí vivín moitas cousas nun ano no que xoguei no Breogán. Moitos sentimentos, algo que non se pode explicar con palabras. Sempre digo que é algo que tes que vivir e sentir, e eu tiven a sorte de defender a camiseta do Breogán e ter grandes lembranzas de ese ano. Ao final non acadamos o ansiado obxectivo, pero estou orgulloso de dar todo o que tiña para chegar o máis lonxe posible. Quero moito á xente de Lugo e de feito teño grandes amigos alí.

Coñeces a varios integrantes do Breogán? Din que Fuzaro pode ser o novo Llorca…

Si, coñezo algúns xogadores e coido que este ano hai un gran equipo para acadar o obxectivo do Breogán. Oxalá se consiga e todos os breoganistas teñan por fin o que merecen. Seguirei todos os encontros como breoganista que son!

A Fuzaro non o coñezo, pero polo que vin é un xogador con moito físico e puntos nas mans. Todos os xogadores somos distintos pero alégrame que me comparen con bos xogador**es.**

Que botas de menos de Lugo?

Boto de menos os grandes amigos que teño alí, a comida!! e Jordan, o meu can, bota de menos a paisaxe tan fermosa que hai.

E **que non?**

O clima. Hai épocas nas que chove moito, pero acabas por acostumarte. Ademais sen a chuvia non habería esa paisaxe tan bonita.



Un lugar de Lugo?

O Pazo!

Sigues realizando o teu campus en Lugo e parece que con éxito. A que cres que se debe?

A verdade é que estou feliz con como está indo. Quería devolver todo o cariño que me deron dalgún xeito, e que mellor maneira que poder facelo cos nenos. Levamos dúas edicións e está sendo un éxito, e agardo que siga medrando. Coido que o éxito se debe as inmellorables instalación e a contar con grandes adestradores. Eu estou toda a semana cos nenos para tratar de que sexa para eles unha semana inesquecible.

Volverás algún día?

Sempre que o club queira, teño moi claro que volverei xogar no Breogán. E agardo que sexa na ACB.

Finalmente, pediriámoscheque nos dirixas unhas palabras para a afección lucense.

Son unha das mellores afeccións para as que xoguei, xa saben o que sinto polo breoganismo. Quéreselles moito, así que simplemente desexarlles sorte e que oxalá regresen ao sitio no que merecen estar.







Faite coa túa #RifaCeleste

Por so un euro podes gañar ceas cada semana con amigos ou unha co equipo a final de tempada e optar ao gran premio final: unha espectacular Scooter Piaggio Typhoon

Grazas á colaboración de Talleres Lusitano, de Restaurante Cofín e MacroCopia, a partir do partido de hoxe poderás colaborar co club mercando rifas e gañar premios.



No descanso entre o terceiro e último cuarto sacaremos dous números. O primeiro premiado elixirá entre ir a cear con catro amigos a Cofín (Avenida da Coruña) ou ter dúas prazas para a cea de final de tempada co equipo. O segundo premiado quedará coa opción que non elixa o primeiro.

Ademais, tódolas rifas mercadas ao longo da tempada entrarán nun sorteo final de Talleres Lusitano e optarán ao gran premio final: unha motocicleta Piaggio Typhoon de cor azul, como o Breo!

O importe recadado irá íntegro para colaborar co club e será, sen dúbida, unha aportación importante nesta tempada.

Busca ao vendedor da rifa, pode ter o teu número premiado. Sorte !

TALLERES LUSITANO
DESDE 1968

COFÍN

MacroCopia
tecnología



CLUB BALONCESTO BREOGÁN S.A.D.

Avda. Filarmónica Lucense s/n - Lugo
Tel.: 982 23 10 50 - info@cbbreogan.com

FOGAR DO BREOGÁN

Redacción,fotografía e maquetación @MarquinhosFT
Colaborador: @AlberteLpz - Comercial @jbaamonde75
Agradecementos: @sindooestudio - Unicopia

SOUNDCLOUD

DEPUTACIÓN DE LUGO

A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE